



CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA O CURSO 2025/2026

➤ **AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR OBRIGATORIO AO ESTUDANTADO de EDUCACIÓN INFANTIL**

Poderán acollerse a estas axudas aquelas familias nas que a renda “per cápita” de cada un dos membros da familia non supere os 12.000 euros anuais.

➤ **AXUDAS PARA O TRANSPORTE A ESTUDANTES de GRAO, MÁSTER, DIPLOMATURA OU LICENCIATURA UNIVERSITARIOS, CICLOS MEDIOS OU SUPERIORES E ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS** (só na súa modalidade presencial) que estén empadroados neste Concello. **Non serán obxecto destas axudas os estudos de “doutorados” ou estudos en conservatorios.**

Poderán solicitar as ditas axudas aquelas familias, nas que a renda “per cápita” de cada un dos membros da familia non supere os 12.000 euros anuais.

Renda per cápita familiar:

1º Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros computables.

2º A renda familiar obteráse pola suma das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2024, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da declaración e a ese resultado restaráselle o recadro 595 (cuota resultante da autoliquidación.)

PRAZO DE SOLICITUDE:

* Lugar: **Centro Social de Coirós. SERVIZOS SOCIAIS**

* Datras: **Do 1 ao 31 de OUTUBRO DE 2025** ambos inclusive * Horario: de 08:00 a 14:00 (luns a venres).

O modelo de solicitude e a relación de documentos que deben xuntar coa mesma, facilitaráselle no Centro Social de Coirós ou poderá descargarse na páxina web do concello. A instancia, xunto coa documentación, deberá presentarse na Oficina de Rexistro Municipal ou a través da sede electrónica.